



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CORUÑA, A

#### Persoal

*Publicación da Oferta de Emprego Público 2026 do Concello da Coruña*

#### ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 11 de xuño de 2026, adoptou a seguinte resolución:

**Primeiro.-** Ordenar a publicación no BOP e na páxina web do Concello da Coruña (<https://www.coruna.gal>) da Oferta de emprego público do Concello da Coruña para o ano 2026 que figura na seguinte táboa aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión celebrada o 20 de maio de 2026:

#### OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2026

#### QUENDA LIBRE

SUBGR./GR.	DESCRIPCIÓN PRAZA	NÚM.	ESC.	SUBESCALA	CLASE	OBSERVACIÓNS
A1	Téc. Admon. Xeral	10	AX	Técnica		1 reservada a persoas con discapacidade
A1	Téc. Medio Ambiente	2	AE	Técnica	Téc. Superior	
A1	Enx. Industrial	2	AE	Técnica	Téc. Superior	
A1	Psicólogo/a	1	AE	Técnica	Téc. Superior	
A1	Arquitecto/a Superior	4	AE	Técnica	Tec. superior	
A1	Tec. Sup. de Residuos	2	AE	Técnica	Tec. superior	
A1	Tec. Igualdade	3	AE	Técnica	Tec. superior	
A1	Tec. Producción	1	AE	Técnica	Tec. superior	
A1	Téc. Protocolo e RR. PP.	2	AE	Técnica	Tec. superior	
A2	Traballador/a Social	2	AE	Técnica	Tec. medio/a	
A2	Musico/a	1	AE	Servizos Esp.	Cometidos esp.	
A2	Arquitecto/a técnico/a	2	AE	Técnica	Tec. medio/a	1 reservada a persoas con discapacidade
B	Téc. Sup. Delineación	2	AE	Técnica	Téc. Auxiliar	
C1	Bombeiro/a	5	AE	Servizos Esp.	Comet. Esp.	
C1	Policía	8	AE	Servizos Esp.	Policía Local	
C1	Tec. Aux. Prot. Civil	1	AE	Servizos Esp.	Cometidos esp.	
C1	Tec. Aux. Biblioteca	1	AE	Servizos Esp.	Téc. Auxiliar	
	<b>TOTAL</b>	<b>49</b>				

## QUENDA PROMOCIÓN INTERNA

SUBGR./GR.	DESCRIPCIÓN PRAZA	NÚM.	ESC.	SUBESCALA	CLASE	OBSERVACIÓNS
A1	Téc. Admon. Xeral	8	AX	Técnica		
A1	Téc. Informática	1	AE	Técnica	Tec. superior	
A1	Tec. Sup. RR.HH.	2	AE	Técnica	Tec. superior	
A1	Intendente	1	AE	Serv. especiais	Policía Local	
A2	Inspector/a	4	AE	Serv. especiais	Policía Local	
C1	Administrativo/a	7	AX	Administrativa		2 res. pers. discap
C1	Oficial/a Policía Local	4	AE	Serv. especiais	Policía Local	
C2	Oficial cemiterios	3	AE	Serv. especiais	Pers. Oficios	
C2	Socorrista	3	AE	Serv. especiais	Pers. Oficios	
	TOTAL	33				

## QUENDA MOBILIDADE

SUBGR./GR.	DESCRIPCIÓN PRAZA	NÚM.	ESC.	SUBESCALA	CLASE	OBSERVACIÓNS
A1	Intendente	1	AE	Serv. especiais	Policía Local	
A2	Inspector/a Policía Local	1	AE	Serv. especiais	Policía Local	
C1	Oficial/a Policía Local	1	AE	Serv. especiais	Policía Local	
C1	Policía	2	AE	Serv. especiais.	Policía Local	
	TOTAL	5				

**Segundo.-** Ordenar a aprobación das bases específicas e as convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas na OEP do Concello da Coruña para o ano 2026, a fin de cumprir coa execución desta Oferta de emprego público no prazo máximo de 3 anos previsto no artigo 70 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, así como no artigo 48 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, 12 de xuño de 2026

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas

2026/4068